



TÍTULO III OPERACIONES DE ENDEBEDAMIENTO E GARANTÍA

IV. TÍTULO III OPERACIÓNS DE ENDEBEDAMENTO E GARANTÍA

CAPÍTULO I. *Operacións de crédito*

Artigo 37.- *Operacións de endebedamento por prazo superior a un ano*

Un.- A posición neta debedora da comunidade autónoma poderase incrementar durante o ano 2015 nunha contía máxima equivalente ao 0,7 % do produto interior bruto da comunidade autónoma.

Para estes efectos, tomarase a posición neta debedora de todos os organismos autónomos, axencias públicas autonómicas e demais entidades instrumentais de calquera condición que, conforme a normativa aplicable en materia de estabilidade orzamentaria, estean incluídos dentro do sector das administracións públicas e consoliden o seu endebedamento co da comunidade autónoma consonte as normas do Sistema europeo de contas nacionais e rexionais.

Co obxecto de optimizar a carga financeira global da comunidade autónoma, a posición neta debedora da Administración xeral poderá incrementarse coa finalidade de amortizar préstamos dos organismos, os entes e as sociedades indicados no parágrafo precedente, no mesmo importe que se amortice.

Dous.- A posición neta debedora será efectiva ao termo do exercicio, podendo ser excedida no curso deste, e quedará automaticamente revisada:

- a) Polas desviacións que poidan xurdir entre as previsións de ingresos contidas nesta lei e a súa evolución real.
- b) Nas contías necesarias para financiar as adquisicións de activos financeiros con destino a suxeitos non comprendidos no punto 1.b) do artigo 2 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, que poidan xurdir ao longo do exercicio.
- c) Nas contías asumidas en concepto de débeda polas variacións na composición do sector da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, en termos do sistema europeo de contas nacionais e rexionais, como consecuencia de que entes que estaban nel considerados pasan a deixar de estarlo ou viceversa, así como polo importe dos créditos comerciais e outras contas pendentes de pago financiadas mediante operacións de factoring sen recurso que deban rexistrarse contablemente como débeda financeira.
- d) Na contía máxima do endebedamento autorizado na lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia do último exercicio que non fose utilizado, sem-

pre que estea dentro dos límites de endebedamento autorizados polos acordos do Consello de Política Fiscal e Financeira.

- e) Polos anticipos reintegrables ou préstamos concertados con outras administracións públicas para o financiamento de investimentos incluídos en plans ou programas conxuntos.
- f) Polos importes adicionais que se amporen nos acordos do Consello de Política Fiscal e Financeira en materia de endebedamento.

Tres.- No ámbito da Administración xeral, autorízase a persoa titular da Consellería de Facenda para formalizar as operacións de endebedamento ás que se refire este artigo. A formalización poderá realizarse de maneira fraccionada, en función das necesidades de financiamento da comunidade autónoma. Estas operacións poderán instrumentarse mediante a emisión de débeda pública, a concertación de créditos ou calquera outro instrumento financeiro dispoñible no mercado.

Igualmente facúltase para, de acordo coas respectivas normas de emisión ou contratación, ou de mutuo acordo cos acredores, acordar operacións de canxe, conversión, amortización anticipada total ou parcial, substitución, refinanciamento ou modificar ou renegociar as operacións de endebedamento xa formalizadas, co obxecto de conseguir a xestión máis adecuada do conxunto do endebedamento da comunidade autónoma.

Así mesmo, poderá acordar operacións con instrumentos financeiros derivados que permitan xestionar o risco ou a carga financeira da comunidade autónoma.

Catro.- A Axencia Galega de Infraestruturas subrogarase na posición debedora da Sociedade Pública de Investimentos dende o momento da súa liquidación.

Artigo 38.- *Débeda da tesouraría.*

Un.- A comunidade autónoma, para a atención de necesidades da Administración xeral, poderá concertar ou emitir operacións de débeda de tesouraría, por prazo inferior a un ano, conforme o disposto no artigo 31 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, ata un importe que non supere o 15 % da consignación que figura no orzamento da Administración xeral como ingresos correntes incondicionados, entendendo como tal a suma dos capítulos I, II e III e o concepto 400.

Dous.- Autorízase a persoa titular da Consellería de Facenda a determinar as condicións concretas e a formalizar estas operacións de crédito ou emisión de débeda pública, en calquera das súas modalidades.

Tres.- Poderá delegarse no director xeral de Política Financeira e Tesouro a facultade de acordar a disposición e reembolso das operacións a que se refire este artigo.

Artigo 39.- *Outras operacións financeiras.*

A formalización de calquera operación de carácter financeiro a medio ou longo prazo non referida nos artigos precedentes, como instrumentos de leasing, factoring e outros, por parte dos órganos da Administración xeral e de calquera das entidades públicas instrumentais cando o seu importe acumulado exceda os 200.000 euros, deberá contar coa correspondente autorización da Consellería de Facenda, a través da dirección xeral competente en materia de política financeira.

Artigo 40.- Endebemento das entidades instrumentais do sector público

Un.- As entidades instrumentais do sector público autonómico, así como calquera outra entidade incluída no sector de sociedades non financeiras dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia, poderán concertar operacións para atender necesidades transitorias de tesouraría, con prazo de reembolso non superior a un ano, cun límite máximo do 10 % da súa previsión inicial de ingresos correntes ou de explotación. A superación dese límite deberá ser autorizada pola Consellería de Facenda.

Independentemente do anterior, o saldo vivo o 31 de decembro de 2015 non poderá superar por estas operacións o saldo vivo o 31 de decembro do exercicio anterior, agás autorización expresa da Consellería de Facenda.

Dous.- Para concertar, renovar ou modificar as condicións de financiamento de calquera tipo de operacións de endebemento a longo prazo ou de cobertura sobre elas, as entidades instrumentais do sector público autonómico, así como calquera outra entidade incluída no sector de sociedades non financeiras dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia, deberán conseguir a autorización da Consellería de Facenda.

Tres.- O Instituto Galego da Vivenda e Solo, como medida para facilitar o acceso a vivenda, poderá concertar con entidades financeiras préstamos hipotecarios subrogables con destino ao financiamento de actuacións en materia de vivenda de promoción pública, sen que podan establecerse cláusulas das que se deriven responsabilidades do referido instituto unha vez realizada a subrogación, sen prexuízo da previsión nos procedementos de execución hipotecaria, da cesión do remate ou da adxudicación por parte da entidade

financeira executante a favor do IGVS, cando sexa imprescindible para garantir o destino e réxime legal da vivenda.

O importe dos créditos hipotecarios vivos no ano 2015 non poderá superar en ningún caso os 24.000.000 de euros, tendo en conta ademais que o volume da débeda viva na fin do exercicio non excederá o do 31 de decembro do ano anterior, agás con autorización expresa da Consellería de Facenda.

Catro.- O réxime de autorización establecido nas alíneas anteriores realizarase a través da dirección xeral competente en materia de política financeira, que asesorará as mencionadas entidades nas distintas operacións financeiras co obxecto de elixir o instrumento máis apropiado, obter as mellores condicións dos mercados financeiros e conseguir unha mellor administración do conxunto do endebedamento da comunidade autónoma.

Co mesmo fin, as mencionadas entidades dependentes da comunidade autónoma deberanlle remitir á Consellería de Facenda, a través da referida dirección xeral, nos primeiros quince días de cada trimestre, e de conformidade coas instrucións que esta establece, a seguinte información relativa á fin do trimestre inmediato anterior:

- a) Detalle da situación de endebedamento, desagregando cada operación financeira.
- b) Detalle das operacións financeiras activas.

Así mesmo, as citadas entidades estarán obrigas a remitir calquera outra información requirida pola Consellería de Facenda co obxecto de cumprir coas obrigas de subministración de información que veñan establecidas polo Estado pola Unión Europea.

CAPÍTULO II *Afianzamento por aval*

Artigo 41.- *Avais.*

Un.- Con carácter xeral e de conformidade co disposto no artigo 41 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, o importe máximo dos avais que a Xunta de Galicia poderá conceder durante o ano 2015 será de 30.000.000 de euros.

Dous.- Adicionalmente, poderase avala o puntual e íntegro cumprimento de todas as obrigas financeiras e pecuniarias do Instituto Galego de Promoción Económica que puideren derivar dos contratos de financiamento asinados co Banco Europeo de Investimentos.

Nos primeiros quince días de cada trimestre, o Instituto Galego de Promoción Económica deberalle remitir á Consellería de Facenda, a través da Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro, e de conformidade coas instrucións que esta estableza, a información relativa ás disposicións, aplicacións e amortizacións efectuadas das operacións avaladas ante o Banco Europeo de Investimentos.

Tres.- Consonte o disposto no artigo 45 do mesmo texto legal, o Instituto Galego de Promoción Económica poderá conceder, durante o ano 2015, avais en contía que non supere en ningún momento o saldo efectivo vixente de 500.000.000 de euros.

Co obxecto de atender proxectos de axuda ao desenvolvemento no exterior, e dentro do saldo indicado no parágrafo anterior, o Instituto Galego de Promoción Económica poderá avalar operacións de crédito ata 30.000.000 de euros.

Por cada operación de aval e por cada liña ou programa de avais dotarase unha provisión para atender posibles falidos na contía que determine a Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro, ben en relación co importe da operación individual, ben en consideración ao montante total da liña ou do programa. O importe destas provisións destinarase ao Fondo de Garantía de Avais de acordo co sinalado na letra i) do artigo 7 desta lei.

Nos primeiros quince días de cada trimestre o Instituto Galego de Promoción Económica deberalle remitir á Consellería de Facenda a través da referida dirección xeral, e de conformidade coas instrucións que esta estableza, a información relativa aos avais existentes á fin do trimestre inmediato anterior.

Catro.-

- a) O Consello da Xunta, por proposta conxunta da persoa titular da Consellería de Facenda e da consellería a que estea adscrito o Instituto Galego de Promoción Económica, poderá acordar, por instancia motivada do Instituto Galego de Promoción Económica e logo de pedimento dos interesados e do informe da consellería correspondente por razón da materia, a novación das obrigas de reintegro derivadas da execución e do pagamento dos avais do Instituto Galego de Promoción Económica, e a suspensión do exercicio das accións de regreso que ao abeiro do artigo 10.2 do Decreto 284/1994, do 15 de setembro, de regulación dos avais prestados do Instituto Galego de Promoción Económica, corresponden á comunidade autónoma, cando se cumpran as seguintes condicións:

- 1) O exercicio da acción de regreso regulada no artigo 10.2 do Decreto 284/1994, do 15 de setembro, de regulación de avais do Instituto Galego de Promoción Económica, afectaría grave ou substancialmente o mantemento da actividade produtiva ou empresarial a que estean afectos os bens tomados en contragarantía dos avais e a valoración que se efectúe da viabilidade

económica da empresa permita considerar que a continuación da explotación é máis vantaxosa para a administración, por lle permitir recuperar en maior grao o importe dos seus créditos.

2) O debedor deberá ofertar un calendario de pagamentos para o reintegro das cantidades debidas, e garantir estes pagamentos con iguais garantías que as constituídas inicialmente conforme o previsto na normativa aplicable. O Instituto Galego de Promoción Económica poderá exixir garantías adicionais no suposto de que as inicialmente constituídas resulten insuficientes.

3) A novación xustificarase en atención á capacidade económica e previsións de ingresos do titular dos bens, ao mantemento da actividade produtiva ou empresarial e do emprego vinculado a esta e mais ao valor actualizado dos bens dados en contragarantía. Complementariamente, teranse en conta circunstancias tales como a promoción de formas asociativas laborais ou outras consideracións socioeconómicas relevantes, que deberán ser debidamente motivadas. Esta novación poderá incluír quitación ou minoración do importe debido, ademais de aprazamento de pagamento. A novación establecerá compromisos determinados en materia de mantemento de actividade e emprego, a cargo do beneficiario.

- b) O incumprimento do calendario de pagamentos establecido ou dos compromisos asumidos en materia de mantemento de actividade e emprego supoñerá a ineficacia do pacto novatorio e a obriga de reintegro á Administración autonómica do importe total inicialmente debido máis os intereses de mora correspondentes. Poderán establecerse, ademais, penalidades por incumprimento.

O incumprimento supoñerá tamén a incoación das accións de regreso que ao abeiro do artigo 10.2 do Decreto 284/1994 corresponden á comunidade autónoma.